





SEIMEIRA DA CHAMOSA FRAGA DE REIGADAS

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 4 km
Dificultade: baixa
Duración: 2 horas



Unha pequena ruta pola fraga de Reigadas, entre as parroquias de Bogo e Vilaboa, no concello de A Pontenova, incluída no LIC "Carballido). Seguindo un pequeno treito do rego de Reigadas ou Bounote, afluente do Bidueiro (que vai ao Eo) chegamos a unha seimeira en lousas duns 8 m de altura. No camiño hai outros saltos máis pequenos.

COMO CHEGAR: para visitar a ferverza pódese acceder desde Bogo por Vilaxubín ou desde Vileimil por San Paio. Déixase o coche na ponte onde se cruza o río entre Vilaxubín en San Paio e remóntase o río pola pista que parte a carón da fonte. O sendeiro discorre por unha fermosa fraga dunha gran diversidade con bos exemplares de carballos e castiñeiros.

Hai unha ruta completa indicada de 13 km (lineal) entre Barreiros (San Pedro de Bogo) e A Ermida (San Xulián de Vilaboa) que se pode facer en tres tramos ou completa.



Seimeira da Chamosa



Outro pequeno salto no camiño da seimeira



Fraga de Reigadas.